

8ª LIGA INTERCOLEXIOS DE ATLETISMO EN PISTA



OBXECTIVOS

- 1 – O principal obxectivo é o mesmo que nos levou a celebrar nos cursos pasados esta competición: Promoción do Atletismo de Pista en Vigo e a súa zoa de influencia.
- 2 – O segundo obxectivo que nos propoñemos nesta VIII Liga Intercolexios é darlle continuidade a esta competición entre Colexios, mantendo a súa presenza no calendario anual de actividades dos nenos e nenas. Nesta nova edición pretendemos abarcar máis probas, para así ampliar o nivel de coñecemento e experiencias dos participantes, así como adaptar o sistema de competición á realidade.
- 3 – O terceiro obxectivo baséase na captación de talentos, tan necesarios nestes tempos en que o esforzo e o sacrificio non están de moda.

REGULAMENTO

1.- PARTICIPACIÓN

Poderán participar todos aqueles Colexios que o desexen e envíen as inscricións dos seus equipos antes do 30 de Marzo do 2010. Ditas inscricións enviaráanse ó Fax número 986 264 799 ou ben á dirección de correo electrónico dassarquitectura@mundo-r.com As posibles dúbidas aclararanse no teléfono 689 928 283. Na páxina web do Celta de Atletismo, www.celtaatletismo.es atópase toda a información así como os resultados de cada xornada.

2.- PROBAS

Realizaranse as seguintes probas:

- * 80 metros
- * 300 metros
- * 1.000 metros
- * Lanzamento de peso (3 kgs. Infantís nenos e 2 kgs. os demais)
- * Salto de lonxitude
- * Salto de altura
- * Relevos 4 x 80 metros

Ademais, co obxectivo de ampliar o nivel de coñecemento e experiencias dos participantes, este ano engadiranse, soamente para as xornadas participativas e a final individual, o **lanzamento de pelota** para as dúas categorías e os **150 metros** para a categoría Alevín e os **80 metros valados** para a categoría infantil.

3.- COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

- 3.1 Habrá dúas categorías de equipos según as idades. A categoría “A”, (á que chamaremos **Infantís**), estará formada por nenos/as nados en 1996, 97, 98 e 99. A categoría “B”, (á que chamaremos **Alevíns**), estará formada por nenos/as nados en 2000, 2001 e 2002.
- 3.2 Os Colexios poderán formar un ou varios equipos masculinos e/ou femininos en cada unha das categorías, sempre que o total dos equipos participantes en cada categoría e sexo non exceda os dezaseis. Terán preferencia aqueles colexios que presentan o primeiro equipo os que presentan ó segundo ou terceiro equipo.

8ª LIGA INTERCOLEXIOS DE ATLETISMO EN PISTA



- 3.3 Os componentes dos equipos deberán pertencer ó Centro Escolar que participe, (se fose necesario exixírase certificación de cada Colexio de que os atletas pertencen a dito centro).
- 3.4 Os equipos estarán formados por un atleta en cada proba, e cada atleta só poderá participar nunha soa proba individual e no relevo.

4.- XORNADAS

A Liga dividirase en:

- 4.1 XORNADAS PARTICIPATIVAS
4.2 FINAL POR EQUIPOS E FINAL INDIVIDUAL

4.1 XORNADAS PARTICIPATIVAS: Faranse catro xornadas nas que os colexios poderán inscribir para participar a todos os nenos e nenas que o dexesen. Estas Xornadas participativas celebraránse en dúas xornadas, disputándose na primeira delas tres das probas do programa e na segunda xornada as outras tres. Non haberá relevos nestas xornadas participativas. A participación limitarase a un máximo de dúas probas por atleta en cada xornada. A inscrición para esta xornada farase cubrindo fichas individuais por cada proba que faga cada atleta o mesmo día da competición nas propias pistas. Circularase un regulamento específico co programa e horario de cada xornada participativa.

4.2 FINAL DE EQUIPOS: Disputarán a final os equipos dos Colexios masculinos e femininos inscritos en cada unha das categorías “A” e “B”. O número de equipos participantes, en cada unha das dúas categorías limítase a un máximo de dezaseis. Cada colexio poderá presentar cantos equipos quera, coa limitación de que, de acadarse máis de os dezaseis equipos previstos, se lle dará preferencia a aqueles colexios que sóamente presenten un equipo fronte a segundos ou terceiros equipos de outros colexios.

A puntuación obterase por puntos segundo a orde de chegada, de xeito que se compiten N equipos, a puntuación será de con N puntos ó primeiro clasificado, $N-1$ ó segundo, $N-2$ ó terceiro, $N-4$ ó cuarto, e así ata o último que acadará un punto. Se algún atleta non chegara á meta non puntuará.

FINAL INDIVIDUAL: Disputarán esta final as mellores marcas en cada proba obtidas ó longo de todas as Xornadas participativas polos nenos e as mellores obtidas polas nenas en cada unha das categorías, ademáis dos compoñentes dos equipos participantes nas finais por equipos.

A final de equipos e a individual desenrollaranse en unha única xornada final. Na proba de 80 metros celebraranse dúas series en cada unha das categorías, participando na primeira os compoñentes dos equipos das finais de equipos e na segunda os clasificados por marcas para a final individual. Estas series servirán como semifinais da final individual para estas probas, que terán unha serie final na que se establecerá a clasificación final individual. Nas restantes probas participarán conxuntamente os compoñentes dos equipos cos atletas clasificados para a final individual, obténdose dúas clasificacións paralelas, por unha parte a dos equipos que dará a puntuación para a clasificación final dos mesmos, e por outra a individual, que se corresponderá co resultado final da proba.

5.- DATAS

Establécese o seguinte calendario de probas:

XORNADAS PARTICIPATIVAS:	23 e 30 de Abril e 21 e 28 de Maio
FINAL DE EQUIPOS E FINAL INDIVIDUAL:	19 de Xunio

6.- FICHA DE INSCRIPCIÓN INDIVIDUAIS E DOS EQUIPOS

8ª LIGA INTERCOLEXIOS DE ATLETISMO EN PISTA



CLUB ATLETISMO
FEMENINO CELTA



AGRUPACION VIGUESA
DE ATLETISMO



REAL CLUB CELTA
DE ATLETISMO

INDIVIDUAL (a cubrir unha por cada prova)

APELIDOS:																
NOME:										ANO:						
COLEXIO:										TELEFONO CONTACTO:						
CARREIRA:			SERIE:			DORSAL:			TEMPO:			POSTO:				
SALTO DE LONXITUDE:						DORSAL:						POSTO:				
SALTO 1:			SALTO 1:			SALTO 1:			MELLOR SALTO:							
LANZAMENTO DE PESO:						DORSAL:						POSTO:				
LANZ. 1:			LANZ. 2:			LANZ. 3:			MELLOR LANZAMENTO:							
LANZAMENTO DE PELOTA:						DORSAL:						POSTO:				
LANZ. 1:			LANZ. 2:			LANZ. 3:			MELLOR LANZAMENTO:							
SALTO DE ALTURA:					DORSAL:					POSTO:						
0,80	0,85	0,90	0,95	1,00	1,05	1,10	1,15	1,20	1,25	1,30	1,35	1,40	1,45	1,50	1,55	

EQUIPOS (a cubrir unha por cada equipo)

COLEXIO		
PROBA	ATLETA	ANO
80 Metros		
300 Metros		
1.000 Metros		
Lanzamento de peso		
Salto de lonxitude		
Salto de altura		
Relevos 4 x 80 Metros		